








		INSTRUCCIÓN TÉCNICA	
Título PROCESO DE CONTRATACIÓN	Código		IT-05.01
	Edición	01	Data 10/2/2022
Elaborado por: Responsable do Sistema   10/2/2022		Aprobado por: Xerencia   10/2/2022	

ÍNDICE:

1. OBXECTO	2
2. ALCANCE	2
3. DEFINICIONS	2
4. RESPONSABILIDADES	2
5. PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN	2
5.1. Adxudicación directa	2
5.2. Adxudicación en procedemento de concorrencia limitada (negociado ou restrinxido)	3
5.3. Adxudicación en procedemento aberto	5
6. REXISTROS	7
7. REFERENCIAS	7
8. CONTROL DE EDICIONS	7

		INSTRUCCIÓN TÉCNICA	
Título PROCESO DE CONTRATACIÓN	Código		IT-05.01
	Edición	01	Data 10/2/2022
Elaborado por: Responsable do Sistema   10/2/2022		Aprobado por: Xerencia   10/2/2022	

1. Obxecto

O obxecto do presente documento e a descrición do procedemento de contratación do que dispón a organización forGA.

2. Alcance

Esta instrución aplícase á adquisición de obras e servizos que poidan afectar a calidade do servizo ofrecido pola organización.

A presente instrución será de aplicación a todos os contratos que realice forGA, xa sexa de obras, servizos ou de subministración e non será de aplicación para a contratación de persoal laboral.

3. Definicións

LCSP: Lei de contratos do Sector Público.

4. Responsabilidades

- **Área Económica:** realiza as contratacións dos servizos.
- **Xerencia:** supervisión do departamento.


5. Procedementos de contratación

A adxudicación de contratos de forGA está suxeita aos principios de publicidade, confidencialidade e igualdade que recolle a LCSP, sexa cal for o tipo de adxudicación que se realice.

5.1. Adxudicación directa

Só aquelas empresas que cumpran os seguintes requirimentos poderán optar á adxudicación directa:

- Contratos de valor estimado inferior a 40.000€ (obras) ou de 15.000€ (servizos e subministracións).

		INSTRUCCIÓN TÉCNICA			
Título PROCESO DE CONTRATACIÓN		Código		IT-05.01	
		Edición	01	Data	10/02/2022

- Contratos que por razóns técnicas, artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade, só se poidan encomendar a un empresario determinado.
- Contratos que teñan un obxecto de inserción de publicidade en medios de comunicación (radio, prensa, TV,...) no que os medios serán seleccionados en función do ámbito xeográfico.


5.2. Adjudicación en procedemento de concorrencia limitada (negociado ou restrinxido)

En función das esixencias da LCSP, a Organización solicitará ofertas cando menos a tres empresas capacitadas para levar adiante o contrato, escollidas previamente pola Área Económica.

Para a adjudicación en procedementos de concorrencia, deberase levar a cabo os seguintes pasos:

- *Preparación do contrato*: elaboración dun informe que determine a natureza e extensión das necesidades do contrato, así como a idoneidade do obxecto, o custo, os orzamentos aplicábeis e a xustificación do tipo de procedemento proposto.
- Elaboración do prego: documento o cal contén os seguintes aspectos:
 - Obxecto e alcance do contrato.
 - Condicións de contratación:
 - Definición do obxecto do contrato.
 - Referencia da lexislación aplicable o contrato.
 - Prezo do contrato ou forma de determinalo.
 - Condición de entrega, recepción ou admisión da prestación
 - Condicións de pagamento
 - Supostos en que procede a resolución
 - Crédito orzamentario, programa ou rúbrica contábel con cargo á que se aboará o prezo.
 - Duración do contrato.

Os requisitos que deben cumprir as ofertas e os empresarios para tomar parte no procedemento.

	INSTRUCCIÓN TÉCNICA			
	Título PROCESO DE CONTRATACIÓN		Código IT-05.01	
	Edición	01	Data	10/02/2022

Deberanse ter en conta os criterios de adxudicación do contrato.

forGA poderá negociar certos aspectos do contrato cos licitadores durante o curso de negociación. Todos os licitadores recibirán o mesmo trato nas negociacións e non se facilitará información de forma discriminatoria.

A organización deixará constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns de aceptación ou rexeitamento das mesmas.


- *Adxudicación do contrato:* Concluídas as negociacións, a adxudicación do contrato acordarase polo órgano de contratación a favor do licitador que presente mellor oferta.

No caso de non haber ofertas, ou as presentadas non cumprir cos requisitos esixidos, o procedemento declararase deserto.

- *Formalización do contrato:* Agás que se atopen recollidas no prego, o contrato que realice forGA deberá contemplar as seguintes mencións:
 - Identificación das partes
 - Acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato
 - Definición do obxecto do contrato
 - Referencia da lexislación aplicable o contrato
 - Enumeración dos documentos que integran o contrato
 - O prezo do servizo
 - Duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e o seu fin, así como as prórrogas no caso de estar previstas.
 - Condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
 - Condicións de pagamento
 - Modificacións, no caso de que procedan
 - Resolucións, no caso de que proceda
 - Extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade.
 - A obriga da empresa de cumprir durante o período de execución do contrato.

O prego aprobado polo órgano de contratación será sempre parte integrante do contrato.

A resolución de adxudicación será publicada no perfil de contratante de organización.

	INSTRUCCIÓN TÉCNICA			
	Título PROCESO DE CONTRATACIÓN		Código IT-05.01	
		Edición 01	Data 10/02/2022	


5.3. Adxudicación en procedemento aberto

A adxudicación dos contratos aos que poderá concorrer calquera empresario interesado, será realizado polo procedemento que se regula a continuación:

- *Preparación do contrato:* elaboración dun informe o cal determina a natureza e extensión das necesidades do contrato, así como a idoneidade do obxecto, o custo, os orzamentos aplicábeis e a xustificación do tipo de procedemento proposto.
- *Decisión de contratar:* forGA adopta a decisión sobre o inicio do proceso.
- *Elaboración do prego:* documento que contén os seguintes aspectos:
 - Obxecto e alcance do contrato.
 - Condicións de contratación.
 - Características de contratación.
 - O réxime de admisión de variantes.
 - O criterios de adxudicación do contrato.
 - As modalidades de recepción das ofertas.
 - As garantías de constituír, no se caso.
 - As penalidades a esixir, no seu caso, para os supostos de incumprimento do contratista.
 - Os requisitos que deben cumprir as ofertas e os empresarios a tomar parte no proceso.
 - A obriga de que os licitadores deberán cumprir e obrigarse a observa, no aspectos que lles afecten pola realización da obra ou prestacións do servizo, os códigos e condutas que non sexan contrarios ás finalidades dos Estatutos fundacionais.

Os requisitos que deben cumprir as ofertas e os empresarios tomar parte no procedemento.

- *Publicación:* o anuncio da licitación publicarase por un prazo mínimo de 10 días, salvo que a urxencia da contratación requira un prazo máis breve, en cuxo caso será de 5 días. O anuncio figurará no perfil de contratante na páxina web de forGA.
- *Apertura de ofertas e corrección de erros:* as ofertas e solicitudes de participación serán secretas e arbitraranse os medios para que teñan tal carácter. A apertura da oferta será efectuada polo órgano de


	INSTRUCCIÓN TÉCNICA			
	Título PROCESO DE CONTRATACIÓN		Código IT-05.01	
	Edición 01	Data 10/02/2022		

contratación. Poderanse solicitar os informes técnicos que se estimen pertinentes sobre as ofertas presentadas.

- *Adjudicación de contrato:* é acordado polo organización forGA a favor do licitador que presente a mellor oferta, por resolución motivada, que se deberá notificar aos candidatos ou licitadores. No caso de que non se presentasen ofertas ou as presentadas non sexan adecuadas, o proceso declarase deserto.
- *Formalización do contrato:* Salvo que se atopen recollidas no prego, o contrato que realice forGA deberá contemplar as seguintes mencións:
 - Identificación das partes
 - Acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato
 - Definición do obxecto do contrato
 - Referencia da lexislación aplicable o contrato
 - Enumeración dos documentos que integran o contrato
 - prezo do servizo
 - Duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e o seu fin, así como as prórrogas no caso de estar previstas.
 - Condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
 - Condicións de pagamento
 - Modificacións, no caso de que procedan
 - Resolucións, no caso de que proceda.
 - Extensión obxectiva e temporal do deber da confidencialidade.
 - A obriga da empresa de cumprir durante o período de execución do contrato.

O prego aprobado polo órgano de contratación é publicado no perfil de contratante de forGA e será sempre parte integrante do contrato.

A resolución de adjudicación será publicada no perfil de contratante de organización.

		INSTRUCCIÓN TÉCNICA			
Título PROCESO DE CONTRATACIÓN		Código		IT-05.01	
		Edición	01	Data	10/02/2022

6. Rexistros

Considéranse rexistros do Sistema:

- Aplicativo de xustificación
- Aplicativo de seguimento
- Pedimentos, orzamentos e ofertas aceptadas
- Contratacións F-05.01.03

Estes rexistros son arquivados pola Área Económica por un período mínimo de tres anos. No caso de tratarse de rexistros informáticos, realízanse as correspondentes copias de seguridade.

7. Referencias

- FP-05 Compras
- P-05.01 Provedores

8. Control de Edicions

EDICIÓN	DATA	NATUREZA DA EDICIÓN
00	20/07/2021	Edición Inicial
01	10/2/2022	Revisión